


# CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

12-13 de maio do 2018

## DOMINGO DA ASCENSIÓN DO SEÑOR



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INXUSTA,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE  
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 n° 82 A Cristo cantamos

### SAÚDO DE BENVIDA

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

En moitas ocasións a vida fainos tomar decisións, e en moitas das veces buscamos nos demais referencias para o noso obrar, desexando que outros tomen decisións por nós.

Na vida de fe, ás veces, pásanos algo semellante: escudámonos no que sempre se dixo ou fixo na igrexa... Escudámonos en calquera referencia que nos facilite non ter que tomar decisións propias.

A celebración de hoxe, a Ascensión do Señor, invítanos a vivir a fe coma crentes maduros, asumindo a decisión de respostar con palabras e feitos ao seguimento de Xesús.

E queremos facelo, aquí, en Galiza, na nosa terra, coa nosa cultura e a nosa lingua, e esforzándonos por unha igrexa feita en galego.

## ACOLLIDA DA AUGA

Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí ante esta auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus.

El é un Pai que nos acolle coma os seus fillos, queremos deixarnos bendicir agora coa vida coa que nos agarima.

*Achegámonos e renovamos o noso confiar en Deus santiguándonos coa auga ou co xesto da aspersión*

♪ nº 81 *(pode cantarse A auga do Señor)*

**Celebrante** Agradecemoslle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

**Monitor/a**

\* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo

\* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes

\* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa pola alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

**Celebrante** rematamos a primeira parte da celebración orando, presentando a Deus as nosas preocupacións, tamén os agradecementos.

*(silenzo)*

Deus de misericordia, fainos reloucar con alegría nesta festa da Ascensión de Cristo, na que tamén nós somos elevados onda ti, pois á gloria onda se adiantou el coma cabeza da Igrexa, tamén estamos chamados nós, polo noso Señor Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante** Manternos unidos a Cristo é a maneira de facer crible a nosa fe, unidos a Xesús sabemos da responsabilidade de amar. Foi este o mellor dos seus consellos “ide polo mundo enteiro e pregoade a voa nova do evanxeo facéndoo crible por toda a terra. Escoitemos

*No Leccionario B páxina 149*

**LECTURA**

### LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS

♪ nº 3 *Unha xuntanza de amor*

**SALMO**

*(en pé) No Leccionario B páxina 151*

**EVANXEO**

### PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE MARCOS

**(sentad@s)** gardamos uns instantes de silenzo para acoller a palabra no corazón

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante** Neste tempo da Pascua, deixámonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo e proclamamos coas nosas voces o que pregoamos na celebración da vixilia pascual

♪ **SI, CREEMOS**

### *Monitor/a*

Credes en Deus, Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima coas súas mans abertas e cheas de tenrura?

**SI, CREEMOS**

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre disposto a acoller e a dar unha man para mellorar a vida dos demais?

**SI, CREEMOS**

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar con outro mundo máis acolledor, que nos alenta forza para berrar ante as inxustizas, que nos alenta amor para coidar da nosa Terra?

**SI, CREEMOS**

Credes na Igrexa, unha Igrexa que se fai crible en comunidade, dando unha man para facer do mundo e da natureza fogar coidado no que todos os homes e mulleres son respectados?

**SI, CREEMOS**

## (en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante** *Porque Deus nos acolle na súa casa abríndonos a porta e invitándonos a pasar, porque o descubrimos con corazón de Pai que só sabe amar, dicímoslle* **Señor da vida, escoita a nosa oración**

### *Monitor/a*

1.- Pidamos pola Igrexa que todos formamos, pra que abríndose ás distintas culturas e ideoloxías sexa fermento da Boa Nova na sociedade de hoxe. Oremos

2.- Polas comunidades que todos formamos, fai que descubramos e valoremos os distintos dons que Deus pousou en todas e cada unha das persoas que nelas traballan. Oremos

3.- Por nós, pra que fagamos da nosa palabra e da nosa vida un achegarnos aos pobres, aos enfermos, aos que están sos, aos abaixados, como tantas veces falamos. Oremos

4.- Por todos os homes e mulleres que facemos viva esta terra galega, nunha cultura e nunha lingua que hoxe agradecemos. Oremos

**Celebrante** *Grazas, Señor, por querer facer da nosa vida un camiño de humanidade, no que testemuñemos, con palabras e feitos a vida de Xesús, erguendo aos abaixados e aos últimos. Pedímoscho por El, que ascendeu ao ceo, e que vive e reina por sempre eternamente. Amén.*

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

*Celebrante* Queremos dar razón da nosa fe mostrando, con palabras e feitos, que Xesús dá sentido á nosa vida. El achéganos a un Deus que é Pai, e así rezamos hoxe como comunidade de fe

NOSO PAI ...

#### SIGNO DA PAZ

*Celebrante* Queremos deixarnos aconsellar por Cristo, que nos convida a que vaíamos pola vida anunciando a súa Boa Nova. Somos testemuñas da súa Ascensión cando ofrecemos as nosas mans para erguer aos abaixados do mundo de hoxe. Ofrecemos agora as nosas mans pra facer paz.

**CANTO** 🎵 *nº 36 Fagamos a paz irmáns*

#### COMUÑÓN

**Celebrante:** Pola man dos apóstolos aquela primeira comunidade botaba a andar sabéndose unidos e aconsellados polo mesmo Xesús.

Agora nós compartimos arredor dunha mesa, comprometémonos, amándonos uns aos outros como el nos amou, e sendo as súas testemuñas. Ditosos, nós, convidados a este banquete da Pascua do Señor.

**CANTO** 🎵 *nº 55 No colo da miña nai*

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

#### *Celebrante*

Deus, noso Pai,  
que a fe que temos compartido,  
signo do evanxeo do teu Fillo Xesús,  
nos alente no esforzo por guiar os nosos pasos  
polos vieiros do teu reino,  
sendo testemuñas, de que, Resucitado,  
vive e reina por sempre eternamente. Amén

*Con Xesús Resucitado queremos poñer LUZ de vida na nosa Unidade Pastoral de Os Cotos, coas nosas xentes, aínda que ás veces nos sentimos esquecidos.*

*Con Xesús Resucitado queremos ser AUGA viva que farta as sedes de xustiza de todas as persoas que non son respectadas por pensar, crer ou vivir diferente.*

*Con Xesús Resucitado queremos ser PAN compartido arredor da mesa que nos fai comunidade, facéndonos cribles en Os Cotos e para toda a Igrexa.*

Que o Señor da PAZ, o BO PASTOR RESUCITADO,  
nos bendiga, †  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén

*Avísase das misas (ver folla do mes)*